COLABORACIÓNS páxinas 10 a 12
COMPLEMENTARIAS páxinas 13 a 21
ESCOLARES páxinas 22 a 27
RECANTOS páxinas 28 e 29
ANPA páxinas 30 e 31

DÍA DA ÁRBORE

O día 21 de marzo celébrase o Día da Árbore. Este ano por mor do mal tempo celebrámolo con retraso.
O Día Forestal Mundial ou Día da Árbore é xunto co do medio ambiente unha das celebracións máis arraigadas e extendidas a favor do medio. Cada 21 de marzo a "Festa da árbore" conta cunha fonda tradición e a súa orixe remóntanos ás primeiras décadas do século pasado.

Alumnado de 4º EP

Os alumnos de cuarto aportaron un grao de area a repoboación do monte Pedroso.
Preto do cumio do monte Pedroso fomos recibidos polos compoñentes de técnicos de medioambiente, gardas forestais, patrullas contra incendios…e moi amablemente explicáronnos o que nunca se debe facer no monte.Usamos o periscopio terrestre para vixiar a presencia de fume sospeitoso, observamos aos bombeiros facer un simulacro, e plantamos unha árbore cada un de nos.As especies que usamos para a repoboación foron:

PRADAIRO (acer). Árbore de folla palmeada e caduca que adoita a medir entre dez e quince metros. Pode chegar ata os 150 anos.
AMENEIRO (aliso). Unha especie que ten a propiedade de enriquecer o solo ao fixar o nitróxeno. Pode chegar a medir os 20 m.
CARBALLO. Árbore que forma parte da historia de Galicia, as follas son lobuladas e caducas, o seu crecemento é moi lento. Pode alcanzar 35m e vivir ata 1000anos.
ROBLE. Da mesma familia co carballo, diferénzanse na cor da madeira e en que o peciolo da folla é mais largo e a madeira máis clara.

Algúns rapaces coa axuda dos seus familiares están a seguir o crecemento da súa árbore e síntense moi orgullosos desa planta que a bo seguro chegará a dar unha boa sombra no verán ademais de contribuir a purificar o medioambiente.

ARQUESAN

Arzúa-Ulloa é un territorio que, como tal, non figura en los mapas. O termo creouse hai poco máis dunha década, en 1995, para dar nome á zoa de Denominación de Orixe Protexida (DOP) que ampara a produción de queixos das comarcas de Arzúa e Melide en A Coruña e de A Ulloa e Chantada, na provincia de Lugo, así como uns poucos "concellos" limítrofes.

Alumnado de 6º EI

Que hai alimentos elaborados, sabémolo os nenos/as de 5 anos, e que un deles é o queixo tamén. Pero quixemos ver como se levaba a cabo todo o proceso, por iso fumos á Granxa do Queixo "Arquesán" en Touro.
Alí recibíronnos con música de gaita e ensináronnos as instalacións.
Metidos en "vereda" comenzou a acción. Primeiro, mirando nada máis o que había que facer: quentar o leite e engadir o calcio e o presoiro para deixalo caiar.
Mentras tanto aproveitamos para vestirnos para a ocasión: mandil, gorro e calzas e as mans ben lavadas para non levar baterias.
Cando o leite caiou tivemos que cortalo. Cun aparato que tiña cadadriños fixemos moitos anaquiños e unha vez máis tivemos que agardar para que se separara a parte sólida do soro, tempo que aproveitamos para merendar un bocata, como non, de queixo, e para facer as etiquetas que logo lle poñeríamos ó noso queixo particular.
Volvemos a hixienizarnos e comeza o proceso de formación do noso queixiño, apretando ben a parte sólida dentro dun recipiente con buratiños.
Así quedou a secar durante un tempo pasado o cal mandáronolos á escola.
Despedíronnos de novo ao son da gaita e agradecéronnos a visita.
Xa no cole e mentras esperabamos inquedos polos queixos fixemos un libriño para lembrar sempre como se fan, aínda que de seguro o que non olvidaremos será o día que pasamos na granxa, pero o queixo !
QUE RICO ESTÁ!

ALFABETO MUSICAL

Alumnado de EI E 1ºCICLO

A partir do binomio LETRA / INSTRUMENTO MUSICAL fixemos un percorrido polo abecedario deténdonos nos nomes dos instrumentos que empezan por cada unha das letras.
Descubrimos instrumentos chegados de todos os recantos do mundo, vimos o seu nome escrito e a súa imaxe na pantalla, e escoitamos o seu son característico, guiados polas sabias palabras do profesor Miopinski, que lle adicou un pequeno poema a cada instrumento e explicounos como funciona.